

VARDA POR AGNÈS

Agnès Varda, 2019

555

ESTREA EN NUMAX: 05.07.2019 | V.O.S.E.

Varda par Agnès (2019, 115')

Dirección: Agnès Varda

Guión: Agnès Varda

Participación: Agnès Varda, Sandrine Bonnaire, Hervé Chandès, Nurith Aviv, Esther Levesque

Son: Boris Chapelle, David Chaulier, Alan Savary

Dirección de arte: Julia Fabry

Montaxe: Nicolás Longinotti, Alexandra Pocquet, Nicolas Longinotti, Agnès Varda

Fotografía: Claire Duguet, Julia Fabry

Produtora: Ciné Tamaris (Francia)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Sección oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Caras e lugares, 2017

Las playas de Agnès, 2008

Los espigadores y la espigadora, 2000

Sin techo ni ley, 1985

Daguerrotipos, 1976

La felicidad, 1965

Cleo de 5 a 7, 1962

SINOPSE

Nova e derradeira obra de Agnès Varda que bota luz sobre a súa experiencia como directora, brindando unha visión persoal do que ela chama escrita de cinema, viaxando desde a Rue Daguerre de París a Los Ángeles e Pekín.

«Fascinante autorretrato da mestra francesa. Chegada aos 90 anos, Varda constrúe o seu filme como epílogo a unha soberbia filmografía»

Javier H. Estrada, EL ESPAÑOL



Declaracións da directora

En 1994, mentres se celebraba unha retrospectiva do meu traballo na Cinemateca Francesa, publiquei un libro titulado *Varda by Agnès*. Vinte e cinco anos despois, dásele o mesmo título ao filme composto de imaxes e palabras en movemento que é o mesmo proxecto: dar claves sobre a miña obra. Dou as miñas propias claves, os meus pensamentos, nada pretencioso, só claves.

O filme está dividido en dúas partes, dous séculos.

O século XX: desde a miña primeira longametraxe *A pointe courte* en 1954 até a última, en 1996, *Las cien y una noches*. Entre unha e outra realicei documentais e filmes, curtas e longas.

A segunda parte comeza no século XXI, cando as pequenas cámaras dixitais cambiaron o meu enfoque sobre os documentais, desde *Os espigadores e a espigadora* en 2000 até *Caras e lugares*, codirixida con JR en 2017. Pero durante ese tempo, creei instalacións artísticas e trípticos atípicos. Seguí facendo documentais nas marxes da cinematografía, como *Las playas de Agnès*.

Entre as dúas partes, hai un pequeno recordatorio sobre a miña vida anterior como fotógrafa.

Fixen unha gran variedade de filmes durante a miña vida. Por iso necesito dicirvos que é, ou que me levou a facer este traballo.

Tres palabras son importantes para min: inspiración, creación, compartir.

A INSPIRACIÓN é a razón pola cal fas un filme. As motivacións, as ideas, as circunstancias e a casualidade que espertan un desexo e se poñen a traballar para facer un filme.

A CREACIÓN é como fas o filme. Que medios usas? Que estrutura? Soa ou acompañada? En cor ou non en cor? A creación é un traballo.

A terceira palabra é COMPARTIR. Non fas filmes para velos a soas, falos para amosalos. Un cinema baleiro: o pesadelo dun cineasta!

A xente está no máis fondo do meu traballo. A xente real. Así é como sempre me referín ás persoas que filmo, tanto nas cidades como no campo.

Cando filmas algo, un lugar, unha paisaxe, un grupo de persoas, mesmo se o tema é específico, o que filmas, o encadre, indica o carácter do proxecto.

Gústame xuntar a realidade e a súa representación. Pero tamén me gusta xustapoñer imaxes en movemento e imaxes fixas, en vídeo e en fotografía.

* * *

Entrevista coa directora

Varda por Agnès é, en certa medida, unha retrospectiva. Cal é o seu punto de vista? Podería dicirse que é unha «clase maxistral», pero non me sinto mestra e nunca din clases. Non se trata de volver contar as historias, senón da estrutura, a intención e as fontes. Pero non quería que fose aburrido. Así que é

nun teatro con persoas, ou nun xardín, e trato de ser eu mesma e comunicar a enerxía ou a intención ou o sentimento que me gustaría compartir. É o que chamo «escritura de cinema», no que todas as opcións participan en algo que poderíamos denominar «estilo». Pero estilo é unha palabra literaria.

É difícil examinar a súa propia obra para que se converta nesta película?

Non, porque penso profundamente no que fago. E cando acabei, non o vexo en termos de «podería facelo mellor» ou «podería facelo peor», senón que trato de entender o proceso de creación. Non é só técnico, trato de ser espontánea. O proceso é como podes atopar as imaxes correctas, as palabras correctas, seguindo un instinto. Trato de seguir un instinto filmico.

Á parte do Óscar, tamén recibiu unha Palma de Ouro de honra, unha homenaxe en Marrakech...

Creo que tamén me van a dar algo en Berlín. Agora que son vella querenme dar agasallos en todas partes! (...) Sinto como se fose unha coartada, como dicindo «Respectamos ás mulleres», pero é demasiado para min. Algunhas outras mulleres son realmente boas, gustárame que se falase delas máis a miúdo. Podería citar, por exemplo, a Céline Sciamma, Naomi Kawase, Ulla Stöckl, Maren Ade, Pascale Ferran, Claire Denis, Emmanuelle Bercot, Noémie Lvovsky, Ruth Beckermann, Sally Potter, Jane Campion, e podería citar a moitas máis.

Fragmento da entrevista publicada en acontracorrientefilms.com
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Tout(e) Varda. Arte Editions [DVD]

Les plages d'Agnès, Agnès Varda
Arte Editions [DVD]

Agnès Varda. 5 films made in California
Arte Editions [DVD]

Agnès Varda. Regards sur l'exposition
Actes Sud, 2016

Fireflies #5 Agnès Varda / Angela Schenelec: Words and Art Inspired by Film
Central Books, 2017

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax